

Obrigas do estudantado antes de marchar

Antes de marchar a destino tes que ter:

1 Contrato de estudos ou Learning Agreement:

Tes que telo aprobado/asinado polas tres partes (alumnado e responsables académicos de orixe e destino). Na túa matrícula deberán constar as materias da Uvigo que aparezan no teu contrato como materias en intercambio, polo que é moi importante que sigas estas indicacións:

- Se tes o contrato aceptado polas tres partes **en MoveOn** tes que informar á [área académica do teu centro](#) a través de e-mail, poñendo en copia ao teu [responsable de relacións internacionais](#) da Uvigo, de que xa tes o contrato aceptado en MoveOn. **Se tiveses que realizar modificacións unha vez en destino terías que repetir o procedemento**, agás que as modificacións non afecten ás materias da Uvigo. No caso de que o cambio afecte só as materias de destino deberás comunicarllo á persoa responsable de relacións internacionais do teu centro.

- Se fixeches o contrato **fóra de MoveOn** (*modelo Word facilitado pola ORI*) unha vez que o teñas asinado polas tres partes (as sinaturas de orixe teñen que ser dixitais) deberás enviálo á [área académica do teu centro](#), poñendo en copia ao teu responsable de relacións internacionais da Uvigo. Se tiveses que realizar modificacións unha vez en destino terías que repetir o procedemento, agás que as modificacións non afecten ás materias da Uvigo. No caso de que o cambio afecte só as materias de destino deberás comunicarllo á persoa responsable de relacións internacionais do teu centro.

2 Convenio de subvención:

Recibiralo por e-mail ao correo de @alumnos.uvigo.es, terás que **revisar todos os teus datos, completar o punto 6.2**, tanto a lingua coma o nivel, pasalo a PDF e **asinalo co teu certificado**

6.2 El nivel de competencia lingüística en [especificar lengua principal de instrucción/trabajo] que la persona participante posee o que se compromete a obtener en el momento de iniciar su periodo de movilidad es: A1 A2 B1 B2 C1 C2 .

dixital para devolvelo á ORI a outgoing.ori@uvigo.gal indicando a data na que vas marchar. **Faino correctamente seguindo as instrucións do uso do correo colgadas na convocatoria**. Se 15 días antes da túa partida non recibiches o documento, ponte en contacto coa ORI no 986 813 550. Lembra que a Oficina de Relacións Internacionais pechará o día 4 de agosto ás 14.00 horas e non abrirá ata o 23 de agosto ás 9.00 horas, período no que non poderás enviar correos xa que serán borrados automaticamente pola imposibilidade de tramitalos.

3 Seguro obrigatorio:

Ademais de tramitar a tarxeta sanitaria europea, tes que contratar un seguro de asistencia en viaxe da túa elección sempre que teña como mínimo as coberturas esixidas por ERASMUS, podes consultalas en <https://oncampus.es/seguros/oncampus-estudia/>. Se non tes ningún **Oncampus** é unha opción recomendable.

Unha vez contratado terás que subir o **certificado de coberturas** a MoveOn (non o xustificante de pago).

4 Tarxeta sanitaria europea:

Podes solicitala [Tarxeta sanitaria europea](#)

5 Proba de nivel de idioma OLS:

Tes colgado o manual de instrucións para a súa realización na convocatoria. Unha vez feita subirás a MoveOn o certificado do nivel acadado.

**Moi importante: agás o Convenio de subvención, toda a documentación indicada terá que ser subida a MoveOn accedendo ao portal <https://uvigo.moveon4.de/form/60c38279ac1c46496e1da6e4/spa> no Formulario de seguimento.*

Ao chegar a destino:

Unha vez en destino terás que acudir á Oficina de Relacións Internacionais e seguir as súas indicacións.

Terás que facilitarlles o documento de chegada (modelo colgado na convocatoria) para que o cubran, e asinen ou selen, para posteriormente envíalo a outgoing.ori@uvigo.gal para proceder á tramitación do primeiro pago da bolsa.